

VISITA A CHANTADA

IES ROSALÍA DE CASTRO



Unha viaxe a Sabadelle e Chantada

Carmen V. Fernández Míguez

2º C- ESO. IES Rosalía de Castro

Cando días antes a profesora nos anunciou unha excursión ás terras de Chantada, nunca pensei que ía ser unha experiencia tan interesante: Sabadelle non sonaba a grande lugar nin a cidade de grande atractivo.

Foi o dez de novembro cando a nosa clase tivo a honra de ser o grupo que puido ir a esta saída cultural. Programouse grazas ao grupo de Investigación Sociedade, Tecnoloxía e Territorio do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (GIS-T IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela, á Fundación Feiraco, e tamén grazas aos meus profesores do Rosalía.

Primeiro leváronos a unha granxa industrial onde tiñan cento oitenta reses. Alí os granxeiros responsables e Xosé Figueroa ensináronos como funciona ese gran establecemento; tamén tivemos a ocasión de acariñar aos tenreiros máis novos.



Imaxe da granxa



Vides e adegas de Chantada

Logo fomos xantar ao pazo de Sabadelle, un pazo do século XVII, a granxa chámase Pazo de Sabadelle, xa que está no pobo co mesmo nome; ten douscentos veciños, tamén é a casa de Xosé Figueroa. Alí estivemos pasando un tempo marabilloso naquel patio; pola tarde, despois de xantar, ensinounos como facer queixo e cos profesores da Universidade puidemos ver uns mapas cun procedemento que permitía ver en tres dimensións o que normalmente está impreso en papel. Este día rematou cunha pequena charla sobre a importancia de coidar a nosa Galicia rural e consumir produtos ecolóxicos que se colleitan grazas a persoas como Xosé Figueroa. Na Granxa de Sabadelle producen e venden tenreira ecolóxica, capóns, produtos de horta, aións, porco e máis cousas. Xosé Figueroa nos agasallou a todos cun regalo que nos fixo moita ilusión: un kit de produtos ecolóxicos procedentes da súa granxa.



Para unha rapaza que vive na cidade e quen non adoita pasear polo campo, estas oportunidades son un regalo para descubrir o mundo rural do noso país.



"Pradeiras de Sabadelle"^{re}

EXCURSIÓN A CHANTADA.

Na nosa excursión organizada pola universidade para fomentar a conservación dos pazos Galegos fomos visitar unha granxa industrial, o Val do Miño, unha das vellas adegas familiares no val e o pazo de Sabadelle cuxo dono, o señor Xosé, acompañounos durante toda a viaxe.



A nosa primeira parada foi nunha granxa industrial na que vimos o coidado de vacas productoras de leite. Estas non saían ao exterior (menos un grupo reducido de seis ou sete)

Ensináronnos as instalacións, o tratado da súa comida, onde as ordeñaban, os tenreiriños e un tanque de leite.

Na segunda parada vimos un embalse do Miño e unha central eléctrica, que según nos explicaron causou moitas emigracións. Alí vimos unha fermosa paisaxe cos árboles de cor vermella e marrón.

A terceira parada foi nunha bodega, onde puidemos apreciar os cambios do tratamento do viño antigo e o moderno, xa que nos ensinou os aparellos cos que se trataba antigamente o viño, e despois fomos a unha sala onde tiñan os novos aparellos de distintos materiais e máis hixiécicos.

A seguinte parada, a escasos kilómetros baixamos polo monte e visitamos a adega familiar do señor Xosé onde se acababa de festexar a vendima, alí víanse moitas casiñas de pedra e moitos bancais, tanto en uso, como asolagados pola auga.

Na quinta e última parada visitamos o pazo do señor Xosé.

O pazo constaba de unha pranta baixa e unha primeira onde él vive e onde se atopa o “museo”.

A nosa curta estancia alí foi moi agradable, e me pareceu un lugar moi bonito, ademáis de que me sorprendeu porque vivían dunha maneira moi tradicional.

Alí nos ensinou a facer queixo, e un xeógrafo humano explicounos o que consistía o seu traballo.

Máis tarde puidemos apreciar as diferencias entre ambas as granxas, ao ver a do señor Xosé que era ecolóxica e alí tiñan menos vacas, e estas podían saír pacer, ademáis de que eran unhas vacas mareladas, non como as pintas da industrial.

En definitiva pasámolo moi ben porque poidemos aprender dos costumes rurais, de granxas e de viño, así coma coñecer unha zona nova.



GRANXA Ecológica
DE
SABADELLE

VIAXE A CHANTADA

O pasado día 10 de novembro, luns, os alumnos de 2º C da E.S.o. fomos de excursión a Chantada en autobús. Primeiro fomos ver unha granxa industrial na que as vacas nunca saían das instalacións gandeiras e alimentábanse con unha mixtura de herba seca e cereais que gardaban durante todo o ano en silos. As vacas ordeñábanse dúas veces ó día, ás 7 da mañá e ás 7 da tarde, con ordeñadoras nas que se rexistraba a produción de cada animal. Na granxa industrial había un total de 180 vacas, que daban arredor de 50 litros diarios de leite cada unha.

Máis tarde fomos ó encoro de Belesar, no que está situada unha central hidroeléctrica de fenosa, o encoro de maior tamaño de Galicia.

Logo fomos a unha adega tradicional na que nos amosaron os cubos onde fermentaba o viño mencía antigamente e como o fan agora. O viño din que ten un punto afroitado. Tamén fomos ver os sucacos onde terñen as plantacións de vides, á beira do río Miño; cada parcela tiña a súa pequena adega.

Finalmente o señor Xosé Ignacio, o granxeiro que nos acompañou durante toda a viaxe, invitounos ó seu pazo onde comemos e nos ensinaron a facer o queixo como se facía tradicionalmente.

Un profesor da Universidade de Santiago, xeógrafo, que tamén nos acompañou, ensinounos o mapas de Chantada, e fotos aéreas por un estoróscopo para que poidéramos ver o relevo.

Antes de despedírmonos, amosounos a súa granxa ecolóxica na que, apenas as súas 20 vacas rubias galegas, alimentábanse da herba dos pastos sen contaminación. Como agasallo deunos unha bolsa con unha mostra de grelos, puerros,...

De seguido collemos o autobús e voltamos para Santiago, esgotados pero felices de ter vivido unha nova experiencia. Grazas.